

A educación viaria

As normas de circulación e os sinais de tráfico axúdannos a circular con seguridade.

NORMAS DE CIRCULACIÓN


- Cando camiñamos pola rúa debemos...



ir sempre pola beirarrúa.



respectar as indicacións dos semáforos.



cruzar polos pasos de peóns.

- Cando viaxamos como pasaxeiros debemos...



abrochar o cinto de seguridade.



entrar e saír do vehículo polo lado da beirarrúa.



subir e baixar de forma ordenada do autobús.



CREATIVIDADE

Busco solucións

- ▶ Observa a escena.
- ▶ Pensa no que ocorrerá.
- ▶ Propón unha solución.



1 Escribe onde corresponda.


calzada

beirarrúa

semáforo

sinal

paso de peóns



2 Que significa cada sinal? Escribe.



3 **TEMPO PARA ESCRIBIR.** Pensa no percorrido que fas da túa casa ao colexio e escribe as normas de circulación que tes que respectar.

Os sinais de tráfico e as normas de circulación axúdannos a evitar accidentes.